


Este é o patio do colexio de Lúa. Un patio coma outro calquera, quizais algo gris de máis. Cunha pista enooooorme, senllas porterías de fútbol oxidadas nos extremos e unha bancada de formigón nun lado. Vamos, un patio do máis normalíño.

Sempre que soa o timbre do recreo, as rapazas e rapaces saen correndo como mandas de ñus perseguidas por leoas*.



[*] Sabías que son elas as que cazan mentres os leóns coídan a casa e as crías?

Porén, desta vez Lúa ten cara de moucha enfadada. Observa toda a xente xa no seu posto. O partido de fútbol comezou e ocupa case todo o patio. Ten que ir polas beiras da pista para non entorpecer o xogo e chegar ao outro lado.



Un camiño que lle levaría dous segundos se cruzase polo medio, lévalle dez veces máis. Chega á bancada e senta ao lado de Uxío, o seu mellor amigo. A el non lle deixan xogar. É demasiado malo.

—Gañan os de Anxos, coma sempre.



Anxos é a que mellor xoga ao fútbol de todo o colexio. Tamén é a única nena que o fai, e ben que lle custou. Cansa de que non contasen con ela, un día saltou á pista, roubou o balón e meteu un golazo que deixou a todos coa boca aberta. Desde esa, sempre a escollen capitá e o seu equipo gaña moitas máis veces das que perde*.

Mentres Uxío fala do partido como se fose a cousa máis interesante do mundo, Lúa abúrrese



de aburrimiento mortal. De repente, a unha nena escápalle a pelota de tenis coa que andaba a argallar na bancada e atravesa a pista. Ela vai detrás e os xogadores bérranlle por interromper o partido. Anxos colle a bóla e devólvella.

—A ver se tes máis coidado, que molestas.



[*] Sabías que a líder das mandas de elefantes é a femia maior, que lidera o resto grazas á súa experiencia e sabedoría?

Lúa lembra o balonazo que lle deron a semana pasada, que lle deixou marca un día enteiro. E iso que ela non estaba no medio da pista, senón nun lado coma sempre sen facer nada.

—Molestar? En-se-rio?!



Ao día seguinte, Lúa sae ao patio das últimas. Desta vez, no canto de cruzar polas beiras, atravesa a pista polo medio e medio. E alí senta, no círculo central a medio borrar no formigón, e saca un libro.



—Eh, ti! Pero que fas?

—Sal do medio!

—Non nos deixas xogar!



O partido detense e toda a xente se achega a ela, que non fai caso, así que chaman á profesora e ao profesor de garda*.

[*] Sabías que os pingüíns emperador se aquendan para coidar da súa cría e alimentala? É o pai quen incuba o ovo que pon a femia mentres esta vai na procura de comida.